

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



ACTA VI

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
OFERTA EXTRAORDINARIA EMPREGO PÚBLICO 2022
PROCESO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL LEI 20/2021
CONCURSO-OPOSICIÓN. DÚAS PRAZAS DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL,
SUBESCALA TÉCNICA SUPERIOR (ARQUITECTO)

Na sala de reunións da Xerencia Municipal de Urbanismo, sendo as 10.00 horas do 17 de xaneiro de 2023, previa convocatoria, reúnese o Tribunal Cualificador do concurso-oposición convocado ao abeiro da Lei 20/2021 para o ingreso a dúas prazas estruturais e vacantes existentes no Organismo Autónomo XMU do Concello de Vigo ocupadas de forma temporal e ininterrompida nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020; as prazas, pertencen ao Grupo A, Subgrupo A1 e encádranse na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica Superior (Arquitecto). As Bases da convocatoria constan publicadas no BOP de data 22.06.2022.

Integran o Tribunal os seguintes membros:

Presidenta

D^a Beatriz Rodríguez Yáñez, TAX da XMU.

Vogais

D. José María Domínguez Blanco, TAX da XMU

D^a Julia Chamosa Martín, Arquitecta da XMU

D^a María Jesús Carballo Núñez, Arquitecta da XMU.

Secretario

D. José Riesgo Boluda. Secretario da XMU

Personal colaborador

D^a Teresa Rivas Rodríguez, Administrativa da XMU

É obxecto da reunión proceder ao exame das alegacións presentadas á valoración provisional determinada polo Tribunal na súa sesión de data 29/11/2022 e publicada na Sede Electrónica do Concello de Vigo en data 01/12/2022.

ALEGACIÓN DE JESÚS GARABAL FERNÁNDEZ (doc. 220329749 de 16/12/2022 e doc. 220331618 de 19/12/2022)

D. Jesús Garabal Fernández alega que os cursos “Habilidades sociais para a dirección de persoas” de 268h e “Derecho sindical” de 25h, non computados polo Tribunal por non estar relacionados

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



directamente coas funcións propias da praza, si deberían computarse por ter un contido e carácter eminentemente trasversal, propias dos empregados públicos e conforme ás Bases do proceso selectivo.

O Tribunal acorda estimar a alegación respecto do primeiro dos cursos “Habilidades sociais para a dirección de persoas” de 268h, recoñecéndolle 0,40 puntos no cómputo de cursos de máis de 100 horas; e desestímala respecto do curso “Derecho sindical” de 25h.

Da alegación presentada resulta a seguinte puntuación final:

B) Méritos académicos. Máximo 4,00 puntos.

1. Cursos de formación: Máximo 2,00 puntos.

Mais de 100 h - 1 cursos x 0,40: 0,40 puntos.

81 a 100 h - 0 cursos x 0,33: 0 puntos.

61 a 80 h - 0 cursos x 0,26: 0 puntos.

41 a 60 h - 1 cursos x 0,20: 0,20 puntos.

25 a 40 h - 5 cursos x 0,13: 0,65 puntos.

15 a 24 h - 1 cursos x 0,06: 0,06 puntos.

Total 1: 1,31

Total B) (1 + 2): 1,31 + 1,00 = 2,31 puntos

Total (A + B): 19,89 + 2,31 = 22,20 puntos.

ALEGACIÓN DE DAVID PORTELA ALONSO (doc. 220325424 de 16/12/2022)

I. D. David Portela Alonso alega en primeiro lugar que na Acta da reunión de data 29.12.2022 existe erro no cómputo do período de servizos efectivos prestados en calidade de traballador autónomo.

Estímase parcialmente a alegación. Aporta documentación de actividade de arquitecto na Comunidade de Bens Portela + Regengo CB para prestación de servizos profesionais de arquitectura e urbanismo no período 1.12.2010/ 31.12.2017. Aporta alta IAE (modelo 036) da CB (1.12.2010). Aporta documentación xustificativa de traballos profesionais con visado colexial realizados en tal período. Aporta xustificantes de cotización desde o 10.10.2008 á “Mutualidade de Arquitectos” (HNA), entidade aseguradora da xestión da previsión social do colectivo de arquitectos, sistema alternativo a alta no RETA (artigo 2 R.D. 1430/2002; Disp. Ad. 15 Lei 30/1995 e Disp. Ad. 18 R.D.Lex. 8/2015). Computa por tales servizos na CB como traballador autónomo, apartado g), un período de 71 meses ao advertirse que sete meses, dos 78 reclamados, coinciden con servizos prestados na XMU.

Da alegación presentada resulta a seguinte puntuación final:

A) Experiencia profesional. Máximo 36,00 puntos.

a) 56 meses x 0,300 puntos mes comp. (máx. 36,00): 16,80 puntos.

b) - meses x 0,191 puntos mes comp. (máx. 23,00): - puntos.

c) - meses x 0,120 puntos mes comp. (máx. 14,40): - puntos.

d) - meses x 0,090 puntos mes comp. (máx. 10,80): - puntos.

e.1) 12 meses x 0,060 puntos mes comp. (máx. 7,20): 0,72 puntos.

e.2) - meses x 0,030 puntos mes comp. (máx. 3,60): - puntos.

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



- f.1) - meses x 0,030 puntos mes comp. (máx. 3,60): - puntos.
f.2) - meses x 0,015 puntos mes comp. (máx. 1,80): - puntos.
g) 83 meses x 0,030 puntos mes comp. (máx. 3,60): 2,49 puntos.

Total A) (a+b+c+d+e+f+g): 16,80 + 0,72 + 2,49 = 20,01 puntos

Total A + B: 20,01 + 1,43 = 21,44 puntos

II. O aspirante alega desacordo coa puntuación outorgada na fase de oposición respecto ao que este Tribunal manifesta o seguinte:

A) Exercicio práctico de Disciplina Urbanística.

1.- Non referencia a incidencia da aprobación inicial da Revisión do PXOM e a súa incidencia sobre a suspensión de licenzas.

O candidato expón que se identifica -no apartado réxime urbanístico de aplicación- pero que non se pronunciou sobre este aspecto, debido a que descoñece o criterio do tribunal.

En relación a esta consideración, unicamente debemos manifestar o desacordo do tribunal coa xustificación do aspirante. O único que pode valorar o tribunal é que o candidato non analizou a concorrencia da aprobación inicial da Revisión do PXOM sobre o caso formulado, non sendo admisible o descoñecemento do criterio do tribunal por ser unha cuestión controvertida.

O exercicio obxecto da análise incluía unha serie de incidencias que debían analizarse e contestarse de forma motivada, sendo a concorrencia da posible suspensión de licenzas unha cuestión importante e de necesario análise rigoroso que foi realizado pola maioría dos candidatos e que D. David Portela non contestou xustificándose no descoñecemento do criterio do tribunal, polo que o tribunal descoñece o criterio xustificado do opositor que se está a someter a un proceso selectivo e non pode valorar ese extremo.

Sen embargo, os candidatos que obtiveron maior puntuación si emitiron o seu xuízo técnico, debidamente motivado, sobre a incidencia da aprobación inicial da Revisión do PXOM sobre a suspensión de licenzas.

En conclusión, o candidato non analizou a aplicación dos artigos da LSG, do RLSG e o acordo plenario de aprobación inicial e suspensión de licencias así como a súa aplicación práctica ao suposto formulado polo tribunal.

2.- Clasificación do solo.

O reclamante intenta xustificar a razón pola cal analizou o réxime de aplicación do PXOM 1993, afirmando que concluíu de forma clara que era de aplicación o IOP.

Este tribunal admite que o aspirante concluíu de forma correcta que era o IOP o instrumento urbanístico de aplicación. Non entanto, na Acta V o que se lle trasladaba ao candidato e que a súa exposición é confusa no sentido de que analizou o réxime urbanístico de aplicación ao amparo do PXOM 93, clasificando o solo como de núcleo rural, ao tempo que analizou o réxime do núcleo rural segundo a Disposición Transitoria Primeira da LSG.

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Neste sentido, toda esta análise carece de fundamentación toda vez que o réxime xurídico de aplicación é o de solo urbano consolidado reflectido no IOP, e non o réxime de solo de núcleo rural outorgado por unha normativa que non é de aplicación tal e como conclúe o propio candidato.

3.- Posible aplicación do principio de unidade edificatoria ás construcións existentes.

D. David Portela expón, no documento de alegacións, que considerou a vivenda e o anexo como unha única edificación.

No entanto a persoa alegante non expón, na realización do exercicio, que é o único que pode valorar o tribunal, en qué se basea para considerar que as dúas edificacións son unha única entidade. Non analiza a posible dependencia estrutural ou a concorrencia do principio de unidade edificatoria.

Tal e como se expuña na contestación tipo, o tribunal admite outras solucións sempre e cando estean debidamente motivadas e xustificadas. No exame presentado pola persoa alegante, non alude ao principio de unidade edificatoria nin analiza a independencia ou dependencia estrutural dos dous volumes para consideralos como unha única edificación.

4.- Falta de concreción dos incumprimentos urbanísticos.

O propio candidato reconece que non determinou de forma exhaustiva os incumprimentos, pero que de facelo chegaría á mesma conclusión.

Esta afirmación é determinante para que o tribunal volva a ratificar a súa valoración. Non é suficiente chegar á conclusión de que unha obra é ilegalizable sen detallar cales son os incumprimentos urbanísticos que determinan esa conclusión. Non é admisible que na emisión de informes técnicos e xurídicos, que serven de motivación ás resolucións e acordos que determinan o carácter ilegalizable das actuacións urbanísticas, non se determinen os incumprimentos urbanísticos e unicamente se conclúa o seu carácter ilegalizable, posto que isto producirían unha clara indefensión da cidadanía.

En relación a consideración de fóra de ordenación na revisión do PXOM, cómpre indicar que é un instrumento que non está en vigor, posto que non está aprobado definitivamente nin se procedeu a súa publicación, polo que a única incidencia deste futuro instrumento urbanístico é en relación á posible suspensión das licencias, parámetro non analizado segundo se expuxo na consideración primeira.

5.- Edificación auxiliar en situación de ruína.

Con respecto a esta alegación, D. David Portela alude a que debería trasladarse á oficina de ITE-Conservación para a súa posible declaración de ruína. O candidato non analiza se concorre algún dos supostos legais de ruína nin a posible compatibilidade das obras pretendidas nesa edificación.

6.- A LSG unicamente habilita para considerar as obras como legalizables ou non legalizables e non permite a consideración de obras legalizables con condicións.

Na solución tipo achegada polo tribunal se indica a posible viabilidade das actuacións realizadas dun modo pormenorizado para dar resposta completa á posible legalización. En concreto, as obras de reforma interior e ampliación do soportal cumprirían coa normativa urbanística, mentres que a execución da nova cuberta non cumpriría os parámetros do IOP (non analizados por D. David Portela).

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



A redacción do artigo 152.3 LSG non impide que as persoas promotoras presenten un proxecto de legalización no que inclúan a modificación ou eliminación das partes que incumpren e a legalización das partes que cumpren. Estas consideracións non foron analizadas polo aspirante.

Neste caso, o baixo cuberta non cumpría polo que debería declararse o seu carácter ilegalizable, mentres que as obras de reforma interior e soportal, poderían ser legalizables polo que procedería requerirllle ás persoas promotoras para que presentaran o correspondente proxecto de legalización.

Volvendo ao baixo cuberta, e a pesar do seu carácter ilegalizable, non pode impedir que a persoa promotora presente un único proxecto de legalización que inclúa a modificación da configuración do baixo cuberta para que cumpra cos requisitos esixidos.

7.- Falta de identificación das persoas responsables e contía da sanción.

Na resposta tipo do Tribunal recóllanse a tipificación da infracción, as persoas responsables e a sanción que procedería, unicamente citando o artigo e o seu contido.

As puntuacións non se asignan pola contestación individual a cada un dos apartados que constan no informe tipo, senón que se valorou en conxunto a proposta formulada polas persoas aspirantes, o seu grado de análise e motivacións, polo que a falta dunha resposta concreta (persoas responsables ou sanción, por exemplo) non determina automaticamente que se desconte unha determinada puntuación.

En conclusión, conforme a Base Sexta na valoración realizada tivéronse en conta os criterios de capacidade de análise, o rigor analítico e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos xerais e específicos á resolución dos supostos prácticos.

O Tribunal reitera o seu criterio de “puntuación global” sen considerar os distintos apartados que existían nos exercicios a resolver; aclaración que foi comunicada aos aspirantes antes de comezar os exercicios.

O Tribunal entende que os exercicios realizados por D. David Portela Alonso son acertados contendo, na súa maior parte, unha exposición razoada, concisa, precisa e maiormente certa das problemáticas formuladas o que supuxo, en virtude dos coñecementos demostrados, a puntuación obtida, tal e como admite o propio aspirante ao recoñecer que non deu resposta a varias cuestións que se consideran determinantes.

O anterior non supón que en relación con exercicios doutros aspirantes o Tribunal considere que nalgún destes existe unha maior claridade expositiva, fundamentación e acerto.

B) Exercicio práctico de Planeamento Urbanístico.

1) Informes sectoriais

O aspirante conclúe como resposta suficiente en dito apartado, aludir dun xeito xenérico ao regulado no Anexo II do Regulamento de Planemanto de Galicia (Decreto 143/216) da resposta suficiente ao prantexado polo tribunal.

En resposta ao esgrimido, o Tribunal reunido, conclúe que a dita referencia ao Anexo II non dá contestación precisa ao exercicio obxecto de análise, ao non aludir nin distinguir, as distintas fases do procedemento – informes previos á aprobación inicial/ e informes previos trala mesma.

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Cómpre indicar a este respecto, que os candidatos que obtiveron unha maior puntuación sí distinguiron debidamente os informes a solicitar en cada fase do procedemento.

Noutra orde de cousas, e trala lectura e revisión por este tribunal deste exercicio práctico, en cumprimento do solicitado polo aspirante, detectouse que non se contén o mencionado na súa lectura pública perante este Tribunal, no que respecta ao informe a emitir polo “Instituto de Estudos do Territorio”, tal e como lle consta a este órgano colexiado, Presidenta e vogais, en cada un dos apuntamentos que se efectuado no transcurso de todas ás lecturas dos candidatos, e así obra acreditado no expediente de razón.

2) Lexitimación dos promotores do ámbito

Con respecto a dito apartado, o aspirante non fai ningún tipo de referencia a iniciativa privada nos instrumentos de planeamento, e cuxos requisitos se conteñen e instrumentan na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, (artigos 74 e seguintes) e en similares termos, no seu Regulamento de Desenvolvemento.

Do mesmo xeito, que no apartado precedente, os candidatos que obtiveron unha maior puntuación, abordaron dita cuestión, analizándoa correctamente

En conclusión -e consonte ao pautado na Base Sexta do presente proceso selectivo- na valoración realizada se tiveron en conta os criterios de capacidade de análise, o rigor analítico e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos xerais e específicos á resolución dos supostos prácticos.

Por todo o exposto, este Tribunal desestima a alegación.

Resoltas todas as alegacións presentadas, da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso de méritos, resultou a seguinte lista coa puntuación total, ordenada de maior a menor:

		FASE OPOSICIÓN	FASE CONC. MÉRITOS	TOTAL
GONZÁLEZ GARCÍA LORENA	***8116**	55,40	20,79	76,19
GARABAL FERNÁNDEZ JESÚS	***4206**	53,80	22,20	76,00
ULLOA AYORA SANTIAGO	***1019**	43,40	30,23	73,63
PORTELA ALONSO DAVID	***2157**	49,60	21,44	71,04
PUEYO VARELA MANUEL	***1684**	49,80	9,15	58,95
REGUERA SEOANE MIGUEL	***1889**	49,80	0,18	49,98
BANHOS MARTÍNS MARINHA C.	***9025**	45,00	1,38	46,38
DÍAZ LORENZO ELISA	***1345**	23,00	3,60	26,60

Conforme a Base Oitava das Bases da convocatoria o Tribunal acorda:

PRIMEIRO. Publicar no Taboleiro Electrónico Municipal (Sede Electrónica) a presente Acta na que consta a relación definitiva de aspirantes na Orde de Puntuación alcanzada.

SEGUNDO. O Tribunal eleva á Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo a presente Acta e a proposta de nomeamento como funcionarios de carreira da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo pertencentes á Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior (Arquitecto) encadrados no Grupo A, Subgrupo A1 das seguintes persoas aspirantes:

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

CONCELLO DE VIGO



D^a LORENA GONZÁLEZ GARCÍA *8116****
D. JESÚS GARABAL FERNÁNDEZ *4206****

TERCEIRO. No prazo dos tres días naturais seguintes ao da publicación da presente Acta no Taboleiro Electrónico Municipal (Sede Electrónica) os aspirantes seleccionados presentarán nos Servizos Centrais da XMU os documentos sinalados na Base Novena das Bases da convocatoria.

CUARTO. A adxudicación de postos de traballo efectuarase de acordo coas peticións dos interesados entre os postos ofertados aos mesmos, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

Sendo as 10 horas 30 minutos levántase a reunión formalizándose a presenta ACTA que asinan comigo todos os membros do Tribunal de todo o cal, como secretario, DOU FE.